Exp. CON/39/2018

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO DE POSTOS DE TRABALLO INFORMATIZADOS PARA A SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. INTRODUCIÓN

As ofertas recibidas para avaliación son as presentadas por BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING SL (en adiante BALIDEA) E TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES ESPAÑA SAU (en adiante TELEFÓNICA).

Os criterios establecidos no prego como avaliables mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:

A.1. Prezo do contrato (Ata 50 puntos)

Para o cálculo da puntuación (P_O) aplicaranse as fórmulas que se indican de seguido, e que asignan a máxima puntuación á oferta que presenta a maior baixa económica sobre o orzamento de licitación e puntuacións proporcionais ao resto, tendo en conta previamente o seu peso con respecto ao orzamento de licitación.

a) Establécese a puntuación P_R que se asignará á oferta con maior baixa económica, mediante a seguinte fórmula que ten en conta o seu peso con respecto ao orzamento de licitación.

$$P_R = Min(B_R, B_{MAX}) \ / \ B_R * P_{MAX}$$

- P_R é a puntuación que se aplicará á oferta con maior baixa económica
- B_R é a baixa de referencia, igual a 65.049,88 euros (15% do orzamento)
- B_{MAX} é a máxima baixa económica de entre todas as válidas
- P_{MAX} é a puntuación máxima asignada ao criterio no prego, igual a 50 puntos
- *Min(a, b)* é o valor mínimo entre os parámetros *a* e *b* indicados

Aplicando esta fórmula, a puntuación P_R que se asignará á mellor oferta, será:

- A máxima establecida para este criterio (P_{MAX}) cando a maior baixa económica ofertada (B_{MAX}) sexa igual ou superior á baixa de referencia (B_R).
- Unha puntuación reducida proporcionalmente, cando a maior baixa económica ofertada sexa inferior á baixa de referencia (B_R).

b) Establécese a puntuación P_O de cada oferta aplicando a seguinte fórmula, que asigna a puntuación P_R á oferta con maior baixa económica e puntuacións proporcionais ao resto.

$$P_O = B_O / B_{MAX} * P_R$$

Onde:

- P_O é a puntuación obtida pola oferta *o*
- B_O é a baixa económica da oferta *o* con respecto ao orzamento de licitación
- B_{MAX} é a maior baixa económica de entre as ofertas válidas
- P_R é a puntuación asignada á oferta con maior baixa económica

Xustificación da fórmula: Permite determinar a puntuación que será aplicada á mellor oferta tendo en conta o peso das baixas presentadas con respecto ao orzamento máximo de licitación. Br é un valor estimado como suficientemente relevante para a asignación da máxima puntuación, e por debaixo desta cifra a puntuación a asignar decrece gradualmente. Esta fórmula evita asignar puntuacións elevadas neste criterio cando as baixas non son significativas. O resto das ofertas recibe puntuación de xeito proporcional.

A.2. Características técnicas (Ata 35 puntos)

Neste criterio téñense en conta melloras técnicas sobre as características establecidas no prego para os ordenadores de sobremesa, segundo se especifica na táboa seguinte:

Concepto	Fórmula para cálculo da puntuación	Puntuación máxima
Volume caixa < 1,1 litros	Máxima puntuación si é menor de 1,1 litros. Puntuación nula ao resto.	9
Disco SSD	Máxima puntuación se é superior a 450GB. Puntuación nula ao resto.	6

Memoria RAM	Máxima puntuación se é igual ou superior a 16G. Puntuación nula ao resto.	6
Procesador	Máxima puntuación se a valoración no BAPCo SYSmark 2014 é superior a 1750. Puntuación nula ao resto.	9
Nivel de ruído	1 punto por cada 1dB menos sobre o nivel máximo no prego, ata acadar a puntuación máxima prevista neste punto.	5

A.3. Duración da garantía (Ata 15 puntos)

Neste criterio valorase o incremento na duración da garantía oficial do material subministrado sobre o mínimo esixido no prego, asignándose a seguinte puntuación:

- Incremento de 1 ano na garantía: 5 puntos
- Incremento de 2 anos na garantía: 10 puntos
- Incremento de 3 anos na duración da garantía: 15 puntos

2. ANÁLISE DAS OFERTAS

2.1. A1. Prezo do contrato (Ata 50 puntos)

Os importes das ofertas económicas son os seguintes:

BALIDEA .....411.682,11 euros
TELEFÓNICA.....422.951,69 euros

Isto supón unha baixa con respecto aos 433.665,87 euros establecidos no prego como orzamento de licitación de:

BALIDEA .....21.983,76 euros (5,07 %)
TELEFÓNICA.....10.714,18 euros (2,47 %)

Utilizando a primeira fórmula calcúlase a puntuación que será asignada á mellor oferta tendo en conta o peso das baixas con respecto ao orzamento máximo de licitación. Ao non chegar ao valor de Br asignarase un número de puntos proporcionalmente menor.

$$P_R = Min(B_R, B_{MAX}) / B_R * P_{MAX}$$

P_R = min(65.049,88, 21.983,76) / 65.049,88 * 50 = 16,90 puntos

A puntuación de cada oferta obtense polo tanto aplicando a fórmula sobre as baixas económicas:

$P_O = B_O / B_{MAX} * P_R = B_O$ / 21.983,76 * 16,90

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
16,90	8,24

A1. Prezo do contrato

2.2. A2. Características técnicas (Ata 35 puntos)

2.2.1. Volume da caixa menor de 1,1 litros (Ata 9 puntos)

BALIDEA .....1,053 litros (cumpre)
TELEFÓNICA.....1,129 litros (non cumpre)

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
9,00	0,00

A2.a Volume da caixa

2.2.2. Tamaño do disco duro SSD superior a 450GB (Ata 6 puntos)

BALIDEA .....256 GB (non cumpre)
TELEFÓNICA.....512 GB (cumpre)

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
0,00	6,00

A2.b Disco duro SSD

2.2.3. Memoria RAM con 16GB ou máis (Ata 6 puntos)

BALIDEA .....8 GB (non cumpre)
TELEFÓNICA.....16 GB (cumpre)

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
0,00	6,00

A2.c Memoria RAM

2.2.4. Procesador supera 1750 en BAPCo SYSMark 2014 (Ata 9 puntos)

BALIDEA .....2.296,00 (cumpre)
TELEFÓNICA.....1.897,00 (cumpre)

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
9,00	9,00

A2.d Procesador

2.2.5. Número de decibelios por debaixo do esixido (Ata 5 puntos)

BALIDEA .....20 dB
TELEFÓNICA.....26 dB

O número máximo de decibelios establecido no prego é de 30 polo que a mellora resulta ser de 10 e 4 dB respectivamente. A Balidea aplícaselle a puntuación máxima.

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
5,00	4,00

A2.e Nivel de ruído

2.3. A3. Duración da garantía (Ata 15 puntos)

A puntuación asígnase aplicando o baremo descrito ao principio dese informe base ao número de anos adicionais sobre os 5 anos esixidos no prego.

BALIDEA .....3 anos
TELEFÓNICA.....3 anos

Asígnaselles polo tanto a seguinte puntuación:

BALIDEA	TELEFÓNICA
15,00	15,00

A3. Duración da garantía

3. CONCLUSIÓNS

Na táboa seguinte indícanse as puntuacións acadadas en cada punto e as puntuacións totais das ofertas:

CRITERIOS	Prego	Balidea	Telefónica
A1. Prezo do contrato	**50,00**	**16,90**	**8,24**
A1.a Prezo do contrato	50,00	16,90	8,24
A2. Características técnicas	**35,00**	**23,00**	**25,00**
A2.a Volume da caixa	9,00	9,00	0,00
A2.b Disco SSD	6,00	0,00	6,00
A2.c Memoria RAM	6,00	0,00	6,00
A2.d Procesador	9,00	9,00	9,00
A2.e Nivel de ruído	5,00	5,00	4,00
A3. Duración da garantía	**15,00**	**15,00**	**15,00**
A3.a. Duración da garantía	15,00	15,00	15,00
TOTAL	**100,00**	**54,90**	**48,24**

Tendo en conta esta táboa, a oferta máis vantaxosa é a presentada pola empresa BALIDEA ao recibir a máxima puntuación.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020

Asdo: Jesús Rodríguez Castro
Xefe de servizo de Informática

(asinado electronicamente)

Firmado por JESÚS RODRÍGUEZ CASTRO - 34887777C el día 23/01/2020 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016